

O ADVERBIO

Os adverbios son unha clase de palabra invariable (non teñen xénero nin número) que expresan unha circunstancia.

Hai **adverbios** (unha soa palabra) e **locucións adverbiais** (adverbios formados por varias palabras).

	Adverbios	Locucións
Lugar	aquí, aí, acá, alá, acolá, acó, aló, arredor, dentro, fóra, preto, cerca, lonxe, arriba, enriba, encima, abaixo, embaixo, debaixo, diante, adiante, atrás, detrás, onde, algures, ningures, velaí, velaquí...	á beira, a carón, ao lado, ao pé, a rente(s), en fronte, ao redor, a contramán, a desmán, de fronte, á parte, ao lonxe, no medio, de dentro, de fóra, por riba, por baixo...
Tempo	antonte, onte, hoxe, mañá, pasadomañá, antes, agora, despois, entón, daquela, logo, de contado, deseguida, enseguida, axiña, pronto, cedo, tarde, asemade, cando, aínda/inda, xa, mentres, namentres, entremetres, sempre, decote, acotío, decotío, arreo, seguido, nunca, xamais, arestora, outrora, noutora...	hoxe en día, a diario, a miúdo, de vez en cando/de cando en vez, ás veces, por veces, pouco a pouco, a tempo, antes de antonte, a cada pouco, a deshora, a destempo, de alí a pouco, ao pouco, por veces, a outro antonte...
Modo	así, ben, mal, mellor, epor, como, adrede, amodo, paseniño, devagar, gratis, engorde... e a maioría dos rematados en <i>-mente</i> : axilmente, rapidamente, facilmente, doadamente, loxicamente...	á présa/ás présas, a correr, a propósito, ao xeito, de súpeto, de repente, de golpe, ao chou, de balde, a oito, a escape, a feito, en balde, a rumbo, ás carreiras, ao revés, a un tempo, ao mesmo tempo...
Cantidade	abondo/dabondo, bastante, demasiado, canto, máis, menos, moi, moito, todo, algo, pouco, apenas, nada, case, tan, tanto, só, soamente, ademais...	a medias, por aí, de menos, de máis, de sobra, polo menos, ás cheas, a moreas, de todo, a varrer, nada de nada...
Afirmación	si, abofé, tamén, xaora	así mesmo, de certo, sen dúbida, desde logo, por suposto, de verdade...
Negación	non, nin, sequera, tampouco	nin (tan) sequera, non xa, de ningunha maneira, de ningún modo, nin falar...
Dúbida	talvez, quizais, quizabes, acaso, disque, seica, posiblemente, probablemente, seguramente	ao mellor, poida que, se cadra, ao parecer, polo visto...

NOTAS:

- O adverbio afirmativo **si** existe no sistema lingüístico galego, pero emprégase en contextos moi restrinxidos. A resposta afirmativa normal en galego non é unha forma expresiva particular, senón todo un mecanismo, como **a repetición verbal e adverbial**:

¿Ten suficiente gasoil o coche? - Ten.

¿Estudaches moito? - Estudei

- Dentro dos adverbios de lugar distinguimos:
- Absolutos: aquí, acá, alá/ aí/ alí, aló, alá/ acolá. As formas en –í indican movemento; as en –á estatismo:

Vai alá

Está alá

- Relativos: dentro/ fóra, cerca-preto/lonxe, derredor-arredor, arriba-enriba-derriba-encima/abaixo-debaixo-embaixo, adiante-diante-dedante/atrás-detrás, entremedias.
- Presentativos: velaquí, velaí, eis (*velaí, aí está*).
- Interrogativos: onde, u. O adverbio "u" procede do adverbio latino UBI (*ubi sunt?*) e tamén se conserva no francés, escrito "où". Se vai seguido de artigo determinado úsase a segunda forma do artigo. Se vai cun pronome, escríbese xunto:

U-lo libro?

Estou buscando o libro. Ulo?

- Indefinidos: algures, ningures, xalundes (*calquera outro sitio, outro lugar*).
- Dentro dos adverbios de modo, debemos ter en conta que podemos encontrar algúns formados a partir de adxectivos: (falar) alto, baixo, claro, doado, seguido... E tamén formados por derivación –mente (que se engade directamente á forma feminina dun adxectivo. Isto non quere dicir que teña morfema de xénero, senón que o lexema é a forma feminina):

fácil- facilmente

doado-doadamente